



o barquiño de papel

Biblioteca de Ceip Condasa de Fenosa
O Barco de Valdeorras (Ourense)

OCTUBRO-NOVEMBRO 2007

Saúdo:

Olá a todos e todas.

Comezamos outro ano de actividades na biblioteca con moita ilusión e importantes sorpresas para **tod@s**. A nosa intención é que neste curruncho do colexio atopedes o necesario para viaxar polo tempo, voar coa imaxinación, facer un feitizo máxico ou mesmo... descubrir China. Todo esto e moito máis pódedge dar un bó libro. Por eso, eu que vós non esperaría máis: **i VINDE Á BIBLIOTECA, ESPERÁMOSVOS.!**

E para empezar: !FESTA!.

Hoxe é 24 de outubro e celebramos **O DÍA DAS BIBLIOTECAS**. Con esta celebración queremos sensibilizar a toda a comunidade sobre a importancia que ten a biblioteca escolar como recurso fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe e impulsar a súa presenza na escola. E por esa razón queremos facervos un agasallo que sirva para lembrar que os libros son o mellor antídoto contra o aburrimiento.

(Este agasallo é especial: será o noso distintivo para recoñecernos como membros da biblioteca. Se cha vemos nun caderno, nun libro ou mesmo na túa carpeta, saberemos que *es dos nosos...*). Procura conserva-la todo o ano nun lugar visible.

Imos recordarvos algunhas das actividades que xa están en marcha.

Os Martes ...Conto.

@s máis pequen@s, acompañados da nai ou do pai xa poden vir os martes as cinco da tarde a escoitar unha boa historia. As vosas merendas estarán acompañadas de Brancaneve, O Rato Pérez ou mesmo un druida facendo unha pócema máxica que converte as nais en coellos.

Vaile co conto ao profe.

Tódolos luns e venres na hora do recreo un "profe" espera que lle vaiades a ler unha boa historia. Se tendes algo interesante que contar, sempre haberá alguén disposto a escoitarvos.

Hora do reposo- relax- tranquilidad- sesta

Antigamente era obrigado reposar despois de comer. Eran duas ou tres horas interminables nas que non podías nin correr nin bañarte ata que non fixeras a dixestión. Para que este tempo de despois de comer sexa máis levadeiro podes vir ler, facer xogos de mesa ou mesmo os deberes pero eso sí: en actitude moi moi relaxada, coma antigamente



Rincón informático.

Moi pronto contaremos con dous ordenadores na biblioteca. Poderase acceder a páxina web da biblioteca (estamos esperando para saber en que enderezo da rede se colgará), coñecer as nosas actividades, orientacións para a familia, recomendacións de libros, buscar a información sobre os temas que vos interesen e ademáis dentro desta páxina temos un blog onde vós poderdes escribir comentarios sobre os libros que ides lendo ou calquer outra cousa. A dirección é: <http://condesa.blogdiario.com>

Exposicións.

No pasillo habilitaremos uns expositores para que teñades a má n os libros recomendados en cada momento. Agora temos dúas exposicións: *Os libros de outono e samaín* e a ademáis queremos presentarvos os *novos volúmenes da colección de Kika* que xa chegaron ao colexio.

Máis Exposicións: Expo- Outono

Tódolos anos coa chegada do outono o noso colexio convírtese nun museo de produtos típicos da época; por algoesta é a estación do ano na que a luz e as cores da natureza están insuperables. En.Expo- Outono podemodes disfrutar coas cores, sabores e arrecendos que nos regala esta estación... así como de debuxos, poemas, refráns que mostran toda a nosa plasticidade. Estamos no 1º piso do cole.

Samaín

¿Gustavos xogar a xogos de medo?. Este é un bó momento para sacar os disfraces de bruxa,demos ou facer de mortos vivinte. Pero sabedes por qué celebramos o Samaín?. Escoitade e *non deixedes de celebralo...!!!!*


A noite do 31 de outubro comeza o ano novo celta e a súa festa en honor dos difuntos. Conta a lenda que os celtas cريان que nesa noite o mundo dos vivos e dos mortos xuntábase e que a alma dos mortos regresaba a visitar os seus fogares terrenales. Para manter estes espíritus contentos e alonxar os malos dos seus fogares os celtas deixábanlle comida e doces na porta dos seus fogares. Unha tradición que se convertiu no que hoxe fan os nenos indo de casa en casa a pedir doces.

¿Lembrades que tradición temos nós ben parecida?

Polo Samaín era costume baleirar nabos grandes ou cabazas para poñerlles dentro candeas. Esta tradición que se mantén en Galiza dende hai varios séculos, ten continuidade nas festas de *Halloween*.

Se queres facer un móbil con fantasmas vei esta dirección(e moi fácil e moi chulo):

<http://www.guiainfantil.com/servicios/manualidades/movilFantasmas.htm>



Clubes de lectura

Este ano, dende a biblioteca queremos pedir a vosa colaboración para poñer en marcha unha nova actividade. Propoñémonos crear CLUBES DE LECTURA. E vos pensaredes: ¿Qué é iso? ¿Outra clase de Lingua? Non, É algo aínda mais divertido.

Un club de lectura somos un grupo de amigos que lemos ao mesmo tempo o mesmo libro, pero por separado. Cada certo tempo xuntámonos para falar do libro e compartir as nosas impresións co grupo.

Un club de lectura non funciona sen: **libros** suficientes, que elegiremos entre todos. **Mestres-as** que queiran formar parte do club e fagan de moderadores, e **lectores** para formar os grupos.

Lembrede que o mundo é dos lectores. “Un libro é un mundo dentro dunhas tapas”. Cos libros podemos ir a calquer sitio. O único que temos que facer é abri-lo e mergullarnos nas súas páxinas. ¡Cantos tesouros nos agardan! ¿Qué vos parece descubrilos con un grupo de compañeiros? Para iso só tedes que apuntarvos a un club de lectura. Animádevos e dicídlle ao voso titor que vos inscriba no club.

O QUE FACEMOS NUN CLUB DE LECTURA

Lemos o libro de maneira persoal, na casa, no parque, na biblioteca...

Asistimos ás reunións fixadas aínda que ese día non se lera a parte acordada.

Fcemos comentarios sobre moitos aspectos do libro, os personaxes, aos que podemos criticar, se nos foi fácil ou difícil de ler...

Vemos películas relacionadas co libro que estamos a ler.

Podemos participar en actividades culturais: teatro, exposicións, visita dalgún autor...

Poñémoslle nome ao club e creamos un logotipo para pintar nunca camiseta ou calquer outro distintivo que nos identifique como membros do club. E o mellor de todo

Divertímonos sen pagar nada e compartimos as nosas opinións



O QUE NON FACEMOS NUN CLUB DE LECTURA

Non se le en voz alta.

As reunións non teñen que ser na aula nin durante as clases. Poden ser no recreo ou ao mediodía e o sitio mais axeitado é a biblioteca, rodeados dos libros que tanto nos gustan.

Non hai que participar nos debates se ese día non tes ganas ou só che apetece escoltar.

O club lector tamén ten algo de misterio. Para cada xuntanza temos que ler unha parte do libro, calquera pode ler algo mais se quere pero non lles pode descubrirl os seus compañeiros o que sucede desde o punto marcado.

Pasalo ben e soñar son dúas boas razóns para ler ¿non cres? Compartilo cos amigos ou compañeiros ten que ser moito mellor.



Este ano, entre as moitas **novidades** que pretendemos que teña a biblioteca, hai varias asociadas ao mundo da informática, que xa adiantamos na primeira páxina.

En primeiro lugar pretendemos ter dous **ordenadores** (non temos espazo para máis) na biblioteca para que poidades consultar dúbidas en internet, visitar a páxina da biblioteca ou mesmo escribir os vosos artigos no Blog da biblioteca: a biBLOGteca.

As outras novidades xa as acabades de ler: Acabamos de crear un **Blog** para que **tod@s @s** amantes do libro do cole poidan escribir nel e partillar as súas lecturas favoritas.

Poderedes aconsellar aos **vos@s** compañeir@s aqueles libros que para vós son de lectura obrigada para un amante da lectura, e tamén aqueloutros que paga a pena botalos ao lixo (que hai de todo neste mundo...). O enderezo do blog é <http://condesa.blogdiario.com> , esperamos ansiosamente as vosas visitas.

Por último, e tan de última hora é esta nova que nin sequera está rematada, é a posta en internet da páxina da Biblioteca. Nesta **web** fálase un pouco das actividades da biblioteca, cóntase a vida do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, hai unha serie de enlaces a páxinas de interese, unha páxina onde poderedes consultar o catálogo da biblioteca e unha sección de conta-contos.

Tamén hai un enlace ao Blog, e esperamos poder ampliar as páxinas deste sitio web cos vosos traballos: contos, poesías, debuxos, investigacións...